

SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DIA 26 DE OUTUBRO DE 2017.-

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as sete horas e dous minutos do día vinte seis de outubro de 2017, réunese en sesión ordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente , coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

ALCALDE-PRESIDENTE

D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

Dª MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)

Dª NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D CELSO SOTELO BARROSO (PP)

Dª CLARA LOEDA SOTO (PP)

Dª MARIA LUZ EXPÓSITO PÉREZ

D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CxG-CCTT)

Non asiste don Miguel García Domínguez, concelleiro do PP.

Secretario: Francisco Fernández Castro.

Alcalde.- Boas tardes a todos e todas, concelleiros , concelleiras , ás persoas presentes e aos que nos seguen a través da páxina web. Facer constar que houbo un erro na convocatoria e non figura a moción de Compromiso por Galicia relativa ao convenio da Ponte de Valdepereira.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ULTIMAS SESIONS CELEBRADAS, QUE FOI A DO 28 DE SETEMBRO PASADO (ORDINARIA) E 5 DE OUTUBRO (EXTRAORDINARIAS).

Don Brais Fidalgo Martínez fai constar que no punto 13 da acta de 28 de setembro o sentido do voto de Ribeiro En Común está mal recollido, con esa corrección aprobouse a acta por unanimidade.

2.-DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 01 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de setembro; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de setembro, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de setembro; tres; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; dúas, sobre aboamentos.

Do 22 de setembro; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre comisión selección persoal postos traballo; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 25 de setembro; dúas; unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de setembro; quince ; unha, sobre alta no Padrón habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; seis; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión servizo Axuda no Fogar; unha, sobre non incoación expediente reposición da legalidade; unha, sobre reposición da legalidade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; tres, sobre aboamentos.

Do 27 de setembro; dúas; tres, sobre eficacia comunicación previa obra.; dúas , sobre aboamentos.

Do 28 de setembro; tres; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de setembro; oito; unha, sobre reclamación taxa entrada vehículos; unha, sobre devolución ingresos indebidos IBI; tres; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 02 de outubro; catro; unha, sobre alta no Padrón habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de outubro; cinco; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; tres, sobre aboamentos.

Do 04 de outubro; doce; unha, sobre alta no Padrón habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre prórroga licenza obras; tres, sobre requirimentos de aboamento; unha, sobre ocupación vía pública; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; tres, sobre aboamentos.

Do 05 de outubro; nove; unha, sobre bonificación IVTM; dúas, sobre liquidación taxa servizo ext. Incendios e outros; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre ocupación vía pública; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 06 de outubro, sete; unha, sobre requirimento peche actividade; unha, sobre prórroga licenza obras; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; catro, sobre aboamentos.

Do 09 de outubro, catro, sobre permiso por falecemento de familiar; tres, sobre aboamentos

Do 10 de outubro, catro; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de outubro; cinco; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre expedición tarxeta accesibilidade; unha, sobre concesión axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de outubro; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 16 de outubro; catro; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 17 de outubro; sete; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre baixa no servizo recollida lixo; unha, sobre bonificación recibos IBU U; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre permiso por enfermidade familiar; dúas, sobre aboamentos.

Do 18 de outubro; seis; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre reclamación ocupación vía pública; unha, sobre requirimento documentación; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de outubro; seis; catro, sobre devolución plusvalía; dúas, sobre aboamentos.

Do 20 de outubro, dúas; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre eficacia comunicacion previa obra.

Do 23 de outubro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicacion previa obra.

Do 24 de outubro; tres; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre enterramento.

3.- MOCIÓN DE COMPROMISO POR GALICIA CONVENIO DA PONTE DE VALDEPEREIRA.

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

MOCIÓN DE COMPROMISO POR GALICIA AO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN DA PONTE SOBRE A VÍA FÉRREA EN VALDEPEREIRA.

Exposición de motivos

Tendo en conta que a antiga N-120 o seu paso por Sampaio e Valdepereira e cada vez máis transitada, tanto polo tráfico propio da zona como polas incorporacións a A-52.

Que este vial é utilizado tamén por viandantes e ciclistas e viaducto tamén é de paso obrigado.

Acordos

1º Instar ao goberno municipal que xestione un convenio de colaboración entre a Consellería de obras públicas e ADIF (Administrador de Infraestruturas Ferroviarias) , para a ampliación da ponte de Valdepereira, para unha maior fluidez e seguridade tanto do tránsito de vehículos como de viandantes.

2º Instar o goberno municipal que contemple unha partida económica para o exercicio 2018 para este proxecto.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol BNG, RBC e CxG , reservándose para o pleno PP e PSOE.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Solidariedade cos afectados dos incendios, é unha tristura. Solicitar a colaboración das administracións con verdadeira capacidade para axudar aos afectados.

Na moción se fala dunha actuación importante para Ribadavia, é unha carretera con bastante tránsito. Que se involucren a Consellería e Adif que son os que teñen a verdadeira capacidade.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O noso grupo fixo un rogo nese sentido a principio de lexislatura. Sería un investimento razoable , o beneficiario sería a sociedade máis alá dos veciños de Ribadavia , beneficiaría aos usuarios da A-52. Que o alcalde o demande as administracións con competencias.

D Xacobe García Soto (BNG).- Boa proposta, calquer usuario da ponte sabe que é unha verdadeira necesidade. Camiñar con tráfico por alí é un perigo.É a saída dunha autovía , e é a primeira entrada a Ribadavia. A situación actual é perigosa.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- De acordo cos argumentos que se esgrimiron, o noso voto é a favor.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O noso voto é a favor, beneficiaría tamén a outros concellos.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

4.-REVISIÓN DA RETRIBUCIÓN DO CUSTO UNITARIO DA CONCESIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E MANTEMENTO DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE RIBADAVIA .

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

Vista a solicitude presentada por Aqualia SA Ribadavia , con número de rexistro de entrada no concello 4632 de 15 de setembro de 2017, de Revisión da Retribución correspondente ao período de decembro de 2013 a decembro de 2016.

Considerando que o concello de Ribadavia , na súa sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 28 de decembro de 1995, aprobou o Prego de condicións Económico-Administrativas do concurso para a concesión da xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e Mantemento da Estación Depuradora de Augas Residuais de Ribadavia.

Considerando que o Pleno do concello , na súa sesión ordinaria de 1 de xullo de 1996, por maioría absoluta, acordou declarar válido o acto de licitación e adxudicar definitivamente a empresa “ Técnica de Depuración SA” (actualmente Aqualia) a Concesión de Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable, Saneamento e Mantemento da Estación Depuradora de Augas Residuais de Ribadavia.

Vistos os artigos 80 e seguintes do Prego de Condicións Técnicas que regulan a revisión do custo unitario.

Visto o informe de Intervención de data 29 de setembro de 2017 no que se conclúe” Polo que unha vez aplicada a fórmula establecida no prego , resulta correcto o coeficiente de revisión presentado pola empresa para os períodos seguintes:

- Decembro 2013 á decembro 2014 .Kt = 0,99.
- Decembro 2014 á decembro 2015 Kt =1
- Decembro 2015 á decembro 2016 Kt = 1,016”

Acórdase:

Revisar a retribución do custo unitario da Concesión de Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable, Saneamento e Mantemento da Estación Depuradora das Augas Residuais de Ribadavia nas seguintes contías:

- Decembro 2013 á decembro 2014 .Kt = 0,99.
- Decembro 2014 á decembro 2015 Kt =1
- Decembro 2015 á decembro 2016 Kt = 1,016”

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE e CxG , reservándose para o pleno PP , BNG e RBC.

D Manuel Vázquez López (CxG).- A favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Hai unha proposta cuxa lexitimidade está basada nun contrato ilexítimo, que está no segundo ano de prórroga.En coherencia coa oposición ao contrato e ao prego , votamos en contra.

D Xacobe García Soto (BNG).- Este grupo pensa que se debe cambiar a metodoloxía de cómputo, se debe modificar o contrato coa empresa. Un novo prego e un novo concurso é a nosa reivindicación. Voto en contra.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Coincido cos argumentos expostos, sería preciso un novo contrato , está vencido. Sería necesario un novo prego e un novo contrato. Sendo conscientes de que o contrato está en vigor, está en prórroga; abstención.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- É un trámite esixido por un contrato en vigor, se pode estar máis ou menos de acordo cos parámetros , no seu momento estableceuse así. Esta fórmula está no prego.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado ; votos a favor PSOE (5) e CXG, votos en contra BNG e RBC e abstención PP (4).

5.- MOCIÓN BNG PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE LIMPEZA DE TERREOS E SOLARES E DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS , APROBACIÓN DUN REGULAMENTO DE ACTUACIÓN A INCORPORAR NA ORDENANZA E SOLICITUDES DE MEDIDAS COMPENSATORIAS AOS AFECTADOS POLOS LUMES DA NOSA COMARCA.

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

Moción do BNG para a modificación da Ordenanza Reguladora de limpeza de terreos e solares e de medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, aprobación dun regulamento de actuación a incorporar na ordenanza e solicitude de medidas compensatorias aos afectados polos lumes na nosa comarca.

1 Modificar a Ordenanza de limpeza de soares e medidas preventivas contra incendios forestais co fin de melloralas e adaptalas as novas normativas que lle afectan.

2 Aprobar o Regulamento para proceder o cumprimento desta Ordenanza que se adxunta nesta moción ou dotármolos doutro similar, que nos permita actuar de forma sistemática e ordenada na prevención de incendios e na xestión dos solares do noso concello.

3 Mantener reunións coas comunidades de montes do noso concello co fin de formarmos aos seus membros na xestión sostible do monte, asesoralos e acompañalos nos traballos para a posta en valor do noso monte.

4 Solicitar a Xunta de Galiza e da Deputación Provincial axudas directas aos damnificados , tanto para as persoas como aos concellos e as comunidades de montes.

5 Por o concello de Ribadavia e as súas infraestruturas ao servizo dos concellos e das veciñas afectadas.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, BNG e RBC , reservándose para o pleno PP e CxG..

D Xacobe García Soto (BNG).- Esta moción ven provocada pola situación padecida de vaga de lumes. A ordenanza municipal é de 2003, require unha adaptación a Lei de Montes e a Lei do Solo vixente. Este tema xa se tratou anteriormente, require medidas para unha maior eficacia. Unha comunicación anual aos propietarios de terreos é a mellor medida preventiva para evitar incendios. Hai moitos soares en solo urban en Ribadavia con maleza ou a herba. Hai que impoñer medidas sancionadoras aos que non cumpran, multas, non simplemente trasladar a factura do custe. Hai un caso sangrante dun soar dun banco que se limpia ano tras ano. Hai zonas en Ribadavia sen xestión ou mal xestionadas. Hai que interactuar cos veciños para que haxa novas formas de xestionar o monte.

Non se pode deixar de xestionar os lumes, o Decreto da Xunta circunscribe as axudas aos supostos de incendios provocados, non aporta nada. O prioritario son os veciños, logo tamén as Comunidades de Montes.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor, non sei a capacidade do concello respecto aos montes do noso municipio. É evidente que o servizo de extinción non estivo ben organizado, non lle corresponde ao concello. Se requiriría un mando único, todos os servizos debían ser públicos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É xusto, recorda unha moción de RBC para que se cumpra o ordenanza actual. Se propón unha mellora da actual ordenanza que é boa. Suscribindo a moción ao 100%, o tema é máis complexo. Estiven vendo os efectos do lume en Carballeda de Avia, neste tema non hai siglas. A administración de Núñez Feijoo acusou aos alcaldes de non facer o posible, é un mentiroso.

A xestión forestal non pode recaer nos concellos, a tecla da solución non se atopou. O problema non o poden resolver os concellos, non pode haber 314 coordinadores. Prevención, poñer en valor o monte, non arrasar para regalar as multinacionais, ordenación do territorio. Os concellos poden facer un plan de intervención no termo municipal. Hai graves exemplos de onde chega o monte nos núcleos rurais de Ribadavia, potencialmente é de alto risco. Mentres non legisla a xunta, deben actuar os concellos. Unha posibilidade é externalizar o servizo e pasar a factura aos propietarios. Hai que manter reunións coas Comunidades de Montes. En Santo André hai un bo modelo de xestión, a mellor desbrozadora é o gando. Dende o concello se debe axudar para potenciar eses modelos.

Manifestar a nosa solidariedade con todos os afectados, en especial coas familias do falecido e das casas perdidas en Carballeda de Avia.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- De acordo coa proposta de ordenanza. No relativo ao punto 3 de reunións coas Comunidades de Montes, terían que ser persoas expertas na xestión forestal; non os concelleiros que non temos coñecemento do tema.

O Decreto da Xunta de 19 de outubro se circunscribe aos incendios provocados; a Lei de emerxencias do ano 2007, no artigo 38 recolle as competencias de cada administración en caso de catástrofes, ampara a actuación da Administración se os incendios non fosen provocados.

Coincidimos coa moción, todas as administracións deben colaborar no restablecemento da normalidade.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Totalmente de acordo cos argumentos da moción, compartindo tamén que se multe aos infractores. Externalizar o servizo podería ser unha solución, a veces é difícil xirar o cargo ao infractor. Incluso ir máis alá que a propiedade pasara ao concello. Estando de acordo coa moción e coas medidas ás veces é difícil levalo á práctica. Temos claro que a administración ten que actuar.

D Xacobe García Soto (BNG).- Agradezo o voto favorable á moción. A este pleno non lle toca analizar quen son os culpables, é unha cuestión a nivel de país. Hai que traer ao eido público as fincas reiteradamente incumplidoras, os alcaldes do BNG van a trasladar esta cuestión á Xunta, ten que saír caro non limpiar as fincas. O problema fundamental é o abandono do rural, cun rural vivo se evitarían os incendios. Queríamos que a moción fose práctica, a vía é a ordenanza municipal.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Estamos a falar de solo urban e de núcleo rural, os propietarios están localizados. A maioría dos propietarios son localizables, se todos os propietarios localizados cumprisen nos daríamos por satisfeitos.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Hai casos de propietarios non localizados, incluso de vivendas. A ordenanza municipal e o concello legalmente chegan ata onde poden.

Alcalde.- A xestión forestal hai que cambiarla, a realidade é que algo non funciona. Non debe ser unha cuestión de loita partidista, a propia lei vai encamiñada a que os concellos poidan entrar sin trabas. Moitas veces no catastro figuran herdeiros de .

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.-MOCIÓN BNG PARA AMPLIAR AS LÍNEAS DE TRANSPORTE PÚBLICO.

Moción do grupo municipal do BNG para ampliar as liñas de transporte público

O pasado 3 de agosto a Xunta de Galiza veu de implementar o novo Plan de Transporte. Dende este grupo buscamos a información necesaria para coñecer como quedaban as liñas de autobuses no Concello de Ribadavia. Esta búsqueda levounos a descubrir que o servizo de transporte público actual xera unhas deficiencias graves, sobre todo en horario de tarde e a primeira hora da mañá. A realidade coa que nos topamos é que as persoas que queren facer uso do autobús para desprazarse aos médicos a Ourense ou as facultades e ciclos formativos, non teñen dispoñibilidade de horarios: pois o primeiro autobús que sae chegaría a Ourense ás 9:30, temos comprobado o malestar que xera na poboación esta situación.

Asemade, no horario de tarde é moito peor, pois en toda a tarde non hai máis que dous autobuses (nas esquinas da tarde) para vir de Ourense ou ir dirección Vigo.

Solicitamos

1 Que o concello de Ribadavia lle solicite, por escrito e con rexistro de saída, á Xunta de Galiza os horarios de autobuses:

dirección Ourense : 7 horas da mañá saída de Ribadavia
18 horas saída de Ribadavia

dirección Vigo : 18:30 horas saída de Ribadavia

2 que o goberno local recopile todos os horarios das empresas que operan en Ribadavia e o colgue na súa páxina web e RRSS co fin de informar aos nosos veciños e veciñas.

D Xacobe García Soto (BNG).- Hai unha falla na aplicación do novo sistema de transporte. Non hai transporte para ir a Ourense pola tarde. Os horarios que se necesitan son os que se indican na moción.

O segundo punto ven dado porque a xente non coñece os horarios, que se publiquen nas redes sociais e na páxina web do concello.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor, fai dous meses chegaron uns cuestionarios da Dirección Xeral de Transportes, eu fun o único concelleiro que o mandei. Dende o ano 2015 este concelleiro se ocupou de este tema. Sería necesaria unha estadística sobre o ferrocarril e o autobús para influir ante Adif. Hai que ter en conta aos estudantes e a xente que se despraza a revisións médicas. Mandar os datos de usuarios e horarios á Dirección Xeral de Mobilidade, a RENFE viaxeiros e as empresas operadoras.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A favor, facer dúas matizacións, os cuestionarios da Dirección Xeral de Mobilidade para recoller información a obriga de remitilos é do goberno municipal, non dos concelleiros.

O Plan de Transporte é unha chapuza en toda Galicia, non só en Ribadavia, non se tivo en conta ao sector. En Marea xa pediu unha comisión no Parlamento. Tamén habería que falar cos representantes das ANPAS. A proposta é moi acaída, o noso grupo xa colocou carteis informativos,

a veciñanza demandaba máis información. A liña das sete da maña xa a conqueiru o grupo do PP.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, xa solicitamos por escrito unha liña antes das 7:30 da maña, sairía de Melón as sete mnos dez , iría ata Ourense.Perfecto que se reitere. De acordo co reforzo para a tarde. Que se poña na páxina web.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- De acordo en todo o que sexa mellorar servizos aos cidadans Este grupo xa sacou unha nota de prensa nese sentido.

D Xacobe García Soto (BNG).- A aplicación da nova estrutura de transportes é un fracaso. Que se teñan en consideración pola Dirección Xeral de Mobilidade os requerimentos dos concellos. Hai un problema de falta de información e descoñecemento dos veciños , se pode traballar dende as tres redes sociais do concello. As demandas que se plantexa foron faladas e consensuadas cos usuarios da Estación de autobuses. Habería que comprobar si funciona a parada de Sampaio.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Cubrir os cuestionarios non é unha obriga, pero sí é unha obriga defender os intereses dos veciños.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC).- Eu supoño que o concello sí enviou os cuestionarios á Dirección Xeral de Mobilidade,pero non fixeron caso.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).-Na páxina web están colgados os teléfonos da estación de autobús e do tren, non hai problema en colgar os novos horarios.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

7.- MOCIÓN BNG SOBRE O CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA DO PXOM.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA PARA A ELABORACIÓN DO PXOM.

1 Que se solicite á empresa Consultora Galega , por escrito, información de cal é a situación de redacción do PXOM de Ribadavia.

2 Se abran os procedementos legais para a cesión do contrato a outra empresa que nos garanta a pronta solución desta dilatada espera.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol BNG e RBC , reservándose para o pleno PP , PSOE e CxG..

D Xacobe García Soto (BNG).- Este tema se está dilatando demasiado no tempo. Na reunión en Santiago se falou de que a aprobación do Plan era algo inmediato, que se ía aprobar este ano. Pasan os meses , se vai dilatando. A situación da empresa redactora é precaria, está en concurso de acreedores, pasa en moitos concellos, non se pode acceder aos expedientes por

mandato xudicial. Non hai información, non se sabe se o plan periga ou non. Se trae a moción a pleno, se pregunta cal é a situación da nosa documentación, cando vai a aprobar o plan a xunta.

Se a situación da empresa non é axeitada, no punto segundo vou introducir unha pequena modificación por indicación legal do secretario, que se resolva o contrato coa empresa e que se faga adxudicación a outra empresa, que pode ser directa, xa que polo importe do que falta é un contrato menor. A finalidade e o resultado é o mesmo; se a empresa non ten capacidade, rescindir o contrato e adxudicar a outra empresa.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Voume abster, este grupo ten información extraoficial. Todos os ribadavienses temos o mesmo interese en que se aprrobe o Plan Xeral. Debería vir como rogo ou pregunta, non como moción.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O portavoz de CXG non deixa de dar primicias, non entendo o de información extraoficial. Eíquí é o órgano soberano, onde se debe dar toda a información.

A moción é acaída polo que di na exposición de motivos; na xuntanza de febreiro de 2017 a cronoloxía ía a ser rápida, se falou incluso de antes do vran ou en outono. Aínda que non é o noso PXOM, se tiveron en conta moí poucas das nosas emendas, mellor un PXOM malo que unhas normas subsidiarias moi antigas. Nos tamén apoiamos o segundo punto.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Nos imos a apoiar esta proposta. Na aprobación inicial do PXOM non se aceptaron as propostas do noso grupo, co argumento de que a Xunta non as ía admitir, logo a xunta impuso esas medidas. Queremos un instrumento de ordenación urbanística, que se resolva a situación.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Di un avance na comisión. É certo que o PXOM leva máis retraso do que eu mesmo quixera, a problemática da empresa redactora xenera problemas. Os planos xa están eíquí, falta a memoria. O xuíz levantou o embargo respecto da empresa no concello de Ribadavia. Se o contrato se resolve e se volve a adxudicar o retraso sería maior. Lle imos dar unha oportunidade á empresa polo ben do concello. O noso voto vai ser abstención esperando que a empresa cumpra.

D Xacobe García Soto (BNG).- Está ben que o goberno admita que a situación da empresa é a responsable. Este grupo necesita información veraz da situación da empresa para saber se pode acabar a memoria ou non. Se ata o momento estaba impedida para facer o traballo como é que pode agora. Saber o número de traballadores, a situación financeira, se tivo reunións coa Xunta, pedimos información por escrito. Hai concellos na mesma situación, se ve na prensa. O PXOM de Ribadavia é fácil de redactar, non hai presión urbanística. A única fórmula para avanzar é cambiar de empresa, calquer técnico capacitado pode realizar o que falta.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Igual non me expliquei adecuadamente coa palabra extraoficial. O alcalde explicou a súa versión e eu creio na súa palabra.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Podería facerse unha engadega, se a empresa acredita que está en situación de rematar o traballo que remate o PXOM, se non está resolver o contrato.

D Xacobe García Soto (BNG).- Dado que o goberno xa manifestou a súa intencionalidade, non ten sentido a engadega.

Alcalde.- O que hai neste tema é o que manifestou o concelleiro don Javier Iglesias. Dende a xunta me acreditan por parte dos técnicos que houbo reunións. Respecto da empresa está nunha situación pésima, ofertaron trasladar o contrato a outra empresa. Eu intento desatascar o tema para que non se retrase máis. A documentación está eiquí, a teñen as arquitectas municipais. Eu tomo o compromiso de que si neste mes non se presenta toda a documentación, traigo ao próximo pleno a medida que haxa que tomar. Eu non sei o número de traballadores que ten a empresa. Comparto a preocupación

D Xacobe García Soto (BNG).- Gañamos todos con ese compromiso de conceder un prazo de un mes.

A proposta definitiva é a seguinte :

1 Que se solicite á empresa Consultora Galega , por escrito, información de cal é a situación de redacción do PXOM de Ribadavia.

2 Se abran os procedementos legais para a resolución do contrato, e dado que polo importe da parte pendente se trata dun contrato menor que se adxudique a outra empresa, que nos garanta a pronta solución desta dilatada espera.

Sometida a votación a proposta o resultado é votos a favor PP(4), BNG e RBC, abstención PSOE (5) e CxG, ficando aprobada.

8.- MOCIÓN RBC PARA A APROBACIÓN E CREACIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS-PARROQUIAIS E POSTA EN MARCHA DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA ACTUALIZADO E MODIFICADO EN SETEMBRO DE 2015.

MOCIÓN PARA A APROBACIÓN E CREACIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS-PARROQUIAIS E POSTA EN MARCHA DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA ACTUALIZADO E MODIFICADO EN 24 DE SETEMBRO DE 2015.

1. Creación dos Consellos Territoriais nesta Sesión Plenaria, dando cumprimento ao Regulamento de Participación no seu artigo 64, de acordo a este Regulamento e conforme á lexislación vixente.
2. A convocatoria destes Consellos Territoriais será como mínimo de unha vez ao ano, e as decisións deben de ser adoptadas por maioría democrática simple, e sempre conforme á lexislación vixente.
3. Publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense para a automática entrada en vigor do Regulamento de Participación Cidadá de Ribadavia, publicado no BOP



con data de 27 de novembro de 2008, e actualizado e modificado en sesión plenaria en 24 de setembro de 2015, sempre conforme á lexislación vixente.

4. No caso de considerarse necesaria a redacción para a súa aprobación dun regulamento interno dos Consellos territoriais, de acordo ao propio Regulamento de Participación cidadá de Ribadavia, este debера ser proposto polo Alcalde e a Concellería de Participación de Ribadavia e aprobado en Pleno, e sempre conforme á lexislación vixente.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol RBC e BNG , reservándose para o pleno PSOE, PP e CxG.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Parte dunha moción aprobada fai dous anos.Quedou a espera dunha concreción que nunca chegou. O consello de Deportes si existe e funciona podería servir de modelo.Nunha vila con moitas parroquias fai falta, o goberno ten que ser compartido, hai que coñecer as opinións das parroquias. Hai consellos sectoriais que amosan que a coparticipación funciona.

D Manuel Vázquez López (CXG).- É unha iniciativa interesante, non nos imos oponer. Pediría unha aclaración legal sobre que se aproba exactamente.

D Vicente Soto Rodríguez, interventor.- No seu momento o pleno modificou o Regulamento de Participación cidadán, supeditado a un regulamento de funcionamento dos consellos parroquiais , que se faría durante a exposición pública, non se chegou a concretar. Faise agora. As demais cuestións xa están implementadas.Simplifícase un pouco ,porque venía extractado de regulamentos de concellos maiores. Se trata de que se aprobe para que entre en vigor a ordenanza e se poida mandar ao BOP.É concretar esa cuestión puntual, o que non se fixo dende 2015.

Alcalde.- O que pretende RBC é que se poña en marcha. Nalgúns sitios pode ser complicado atopar as figuras representativas.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Aclarado, o noso voto é a favor.

D Xacobe García Soto (BNG).- É o punto que falta para implementalo legalmente. De acordo coa moción. Os consellos parroquiais son unha reivindicación histórica do BNG. Coñecer o posicionamento dos veciños da cada localidade do concello permitiría planificar as obras.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Xa votamos a favor.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Votamos a favor no seu día, que se organicen os mecanismos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O interventor o resumiu perfectamente. Non fai falta ningún regulamento para activar os consellos territoriais-parroquiais , basta a publicación no BOP. As boas normas son boas se hai vontade política de levalas a cabo, pido o goberno a vontade de a levar a cabo, máis cando hai unha concellería de participación cidadán.

Sometida a votación a proposta resulta aprobada por unanimidade.
Nese momento abandona a sesión o sr Interventor.

9.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA A TRAVÉS DO SEU GOBERNO CUMpra OS ACORDOS MUNICIPAIS SOBRE O DOCUMENTO DOS ORZAMENTOS 2016 E 2017.

MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA A TRAVÉS DO SEU GOBERNO CUMpra OS ACORDOS MUNICIPAIS SOBRE O DOCUMENTO DOS ORZAMENTOS 2017 E 2016.

1.-Que o Concello de Ribadavia a través do seu goberno leve a cabo o compromiso adquirido no Documento dos Orzamentos 2017 e 2016, e execute os acordos, accións e obras aprobadas nos Orzamentos, de acordo á lei e segundo a lexislación vixente.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol RBC , reservándose para o pleno BNG, PP , PSOE e CxG..

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-Faltan dous meses para que finalice a anualidade de 2017, e o documento dos orzamentos non se levaron a cabo moitas das obras ou accións comprendidas no documento, se pide que o goberno o leve a cabo , dado que hai recursos según o plan de investimentos. En dous meses se poden facer moitas cousas. Fago a advertencia de que o apoio aos orzamentos foi polas propostas admitidas polo goberno, según sexa o cumprimento se apoiarán ou non os novos orzamentos.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Éste é un tema do grupo do promotor da moción. Entendemos que os compromisos do goberno con este grupo se cumpren.

D Xacobe García Soto (BNG).- Hai un tema que me preocupa seriamente, neste pleno se aproban mocións que duran o que tardan os concelleiros en baixar á rúa. O principal compromiso do goberno co BNG era realizar unha serie de obras, entendemos que esta cuestión non se cumpriu. Se apartaron obras prioritarias e se fixeron outras que non tiñan tanta urxencia. O noso voto a favor, o noso grupo se ve na mesma situación.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Nos traballos de elaboración do orzamento de 2017 o noso grupo solicitou sete actuacións concretas: saneamento en As Chavolas, San Cristovo, recuperación e mellora de infraestruturas no medio rural, etcétera... Non se recolleu ningunha das aportacións do PP, por iso o noso voto foi en contra.

No pleno moitas mocións se aproban, mesmo co voto a favor ou abstención do grupo de goberno e logo non se executan. Hai de fondo unha cuestión de valentía. É unha moción para que se cumpran os acordos que non se cumpriron, a moción se aproba e os acordos seguirán sen cumprirse.



A oposición ten claves para que se cumpran os acordos, se non se fai, dende a oposición somos cómplices. Se a cousa non funciona ben, hai fórmulas para cambiar. Nos imos a abster, non estamos en contra de que se cumpran os acordos cun grupo, pero non son acordos nosos. No ano 2014 os orzamentos se aprobaron cun acordo do noso grupo, algún dos acordos aínda non se cumpriu a día de hoxe.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Estamos a disposición de que den ese paso de valentía. Se a Xunta cumprira con nos, no mesmo porcentaxe en que nos cumprimos cos grupos da oposición canto cambiaría a situación. A obras das aceras de Muñoz Calero foi unha proposta do PP. Os problemas do momento cambian a planificación do grupo de goberno. Se fixo un porcentaxe elevado das actuacións propostas por RBC, o castelo, o parque infantil, a mellora do casco histórico para os comerciantes, os camiños de Prexegueiro, as colonias de gatos, a área de autocaravanas.. Hai algunhas peticións nas que se está traballando , se fará algunha máis antes do remate do ano . O noso voto abstención.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer que non se vote en contra, non comparto algunhas afirmacións ; para RBC é unha cuestión de vontade. As obras do castelo van a ser positivas, non era o demandado por nos, non se incluíron as pequenas reivindicacións de RBC.Non se implementaron as medidas fiscais no casco histórico, non hai plan de mellora do casco histórico. En Prexigueiro si se actuou era unha reivindicación dos veciños e de todos os grupos. No proxecto dos Xardinillos o acordo do pleno era distinto do que se pretende agora. A mellora de beirarrúas na rúa Piñeiral e a Casa da Cultura estaba no plan provincial , é unha cuestión de vontade. Tamén se pediu aumentar a vixilancia da Policía Local, axudas para nacemento e adopción de fillos que se empadronen en Ribadavia , hai partida orzamentaria. As beirarrúas en Muñoz Calero foi proposta de RBC ,non do PP. Se nos acusa de ser unha oposición dura, as nosas propostas son en positivo. Tamén temos a sensación de que as mocións se aproban e non se executan. Desexamos que o cambio chegue a Ribadavia, nos non nos consideramos cómplices da incapacidade e desidia de este goberno.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Nos somos conscientes de que non pode ser o 100%. As beirarrúas do Piñeiral se van a facer cunha subvención.Temos moito máis presente o documento do orzamento do que pensa. Os columpios de Sampaio se conqueriron, as beirarrúas de Muñoz Calero eran unha reivindicación de toda a corporación. O muro da Veronza foi complicado de executar. O día a día trae dificultades que hai que afrontar no goberno non hai abandono. Honestamente o goberno leva as cousas ben, economicamente moi ben , lle dimos a volta a situación que nos atopamos ao chegar. Nadie nos obrigou a presentarnos nin a estar eiquí. Eu non me vou a volver a presentar xa o levo dito.

Alcalde.- Se nota que están preto as eleccións , o día a día das formas cara a este grupo de goberno non son as axeitadas. Por algún se fan afirmacións demagóxicas. Para conformar unha alternativa hai que facer piruetas. É moi diferente estar no banquillo e no campo, no banquillo é moi fácil criticar. Este goberno leva moitos anos porque é a vontade do pobo, ganamos catro eleccións , se somos tan malos , será que a oposición é moi mala. Houbo unha oposición moi grave do PP co parque medioambiental, os cidadáns son intelixentes. Un alcalde estivo no concello e viu aos concelleiros traballar e preguntou se tiñan adicación, lle contestei que non , só unha rapaza , para conformar un goberno se precisan concelleiros que non cobren adicación, o concello non as pode pagar. Hai concellos preto de eiquí con catro adicacións e mil habitantes. Este é o concello da provincia con máis de cinco mil habitantes e menos adicacións. Eu teño que defender o meu

gobierno. Xa me gustaría a min que outras administracións cumpriran con este concello como este goberno cumpre cos grupos da oposición. O 70% do acordado con RBC se cumpriu, no Parque Empresarial se fixo unha obra por máis de 100.000 euros. Algún mérito terá este goberno. O parque de Sampaio que tamén era unha esixencia se está a facer.

Me chama a atención o PP, que estaría disposto a pactar unha moción de censura co BNG e En Marea, os seus votantes non darían crédito. Os que lle atizan no Parlamento quere pactar con eles eiquí, é moi curioso. Non creo que o PP teña esa intención. É máis cómoda a súa cadeira que a miña. Nos bota en cara que apoiamos propostas de outros grupos e vostedes se absten, nos somos conscientes de que temos que chegar a acordos, apoiamos as cousas que son lóxicas. Vostedes legislan no Parlamento en contra das ideas de grupos aos que no concello lle apoian as mocións.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Eu eiquí non teño que executar ningún acordo porque non goberno.

Alcalde.- Eiquí se aproba unha moción para arreglar as beirarrúas da súa parroquia e logo a Xunta non as fai.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha constante en todos os plenos, o alcalde só interven nas mocións de RBC. A RBC se lle discrimina nas intervencións nas mocións que propón.

Alcalde.- Neste concello hai moito nivel nos portavoces, eu sempre o digo. A mín no me preocupa o debate.

Sometida a votación a proposta obténse o seguinte resultado, votos a prol RBC, BNG, abstencións PSOE (5), PP (4), e CXG.

10.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA NON PERMITA QUE SE COBREN SOBRECUSTES Á CIDADANÍA QUE PAGA TAXAS E IMPOSTOS A TRAVÉS DE ENTIDADES BANCARIAS.

O secretario lee o ditame da Comisión Informativa :

MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA NON PERMITA QUE SE COBREN SOBRECUSTES Á CIDADANIA QUE PAGA TAXAS E IMPOSTOS A TRAVÉS DE ENTIDADES BANCARIAS.

1.-Que o Concello de Ribadavia a través do seu goberno local tome medidas e lle esixa ás entidades financeiras coas que traballe o noso Concello que realizan esta práctica abusiva, que deixe de realizar sobrecobros ou cargas a maiores á cidadanía que non sendo clientes das súa entidade, realicen un pago ou unha transacción relacionada co Concello de Ribadavia. Sempre de acordo á lexislación vixente.

2.-Que o Concello de Ribadavia a través do seu goberno local tome as medidas necesarias e oportunas para evitar calquera outra práctica que exista ou poida existir por parte de entidades bancarias que poidan ocasionar sobrecustes nos pagos municipais e que supoñan unha discriminación á cidadanía. Sempre de acordo á lexislación vixente.

3.-Que esta/s entidade/s de non retirar esta sobrecarga, que semella que obriga a cidadanía a ser cliente dunha entidade bancaria, o goberno local proceda a negociar con outras entidades bancarias que non realizan estas prácticas, ou que si realizandoas a día de hoxe, si acepten dita petición. Sempre de acordo á lexislación vixente.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, RBC , BNG e CxG , reservándose para o pleno PP .

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción presentouse como rogo fai dous meses, ese tempo foi suficiente para evitar esa práctica abusiva. O concello debe poñer fin a esa práctica ou cambiar de entidade bancaria.

D Manuel Vázquez López(CXG).- Parecenos unha boa proposta, que defende os intereses dos cidadáns, estamos a favor.

D Xacobe García Soto (BNG).- Non é asumible esta práctica bancaria de cobrar un sobrecoste por pago dunha taxa ou imposto, o concello ten capacidade de negociación para facilitarlle a vida aos veciños.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, a oferta bancaria en Ribadavia é limitada, e a capacidade do goberno é a que é.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- A favor. Xa fixemos xestións cando se fixo o rogo, entendemos que a práctica é abusiva. Xa se deu traslado ás entidades bancarias.No ano 2017 houbo 320 transaccións, só se cobrou a dez. Na sucursal de Ribadavia dunha entidade non se cobra, queda a outra. Se a outra non cumple sabemos o que facer.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Reiterar o agradecemento polo apoio, espero que se cumpra. A nos nos constan máis de dez afectados.

Sometida a votación a moción fica aprobada por unanimidade.

11.- MOCIÓN DE RBC e BNG PARA A MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO DÍA 28 DE SETEMBRO POLO QUE SE ACORDAN OS FESTIVOS LOCAIS.

O pasado 28 de setembro aprobouse en sesión plenaria a modificación dos dous festivos locais do concello de Ribadavia. Tras o paso dos días puidemos comprobar que este acordo, non só non ten consenso entre os nosos veciños se non que as mais delas están preocupadas por como pode afectar este feito aos seus negocios e as súas vidas. Así é que , analizamos que a eliminación do martes de entroido modifica claramente a actividade que se ven desenvolvendo en Ribadavia nesa época, pode reducir a participación cidadá nas propias actividades e reduciría a afluencia de público as que se podan festexar tanto no luns como no mércores. Tras a solicitude por parte dos organizadores deste evento importante para a nosa vila, entendemos que debemos rectificar no acordo plenario e sometelo de novo a valoración do pleno e a súa modificación.Asemade, manifestamos que non establecer o martes de entroido como data festiva non é motivo para non realizar actividade promovida polo concello ese día. Cremos, firmemente , que é labor do goberno e da súa concelleira derivada a

promoción da cultura galega en todos os seus ámbitos. Somos sabedores de que non é doado máis non consideramos este feito un argumento, nin a solución a caída de brazos.

Somos conscientes da problemática administrativa que pode supor isto pero cremos que é necesario asumir os erros e escoitar aos nosos veciños cando non coinciden as súas necesidades cos nosos acordos. Entendendo que o Decreto que emita a xunta cos festivos para o ano 2018 inda non está publicado no DOG .

Por estes motivos propomos ao Pleno do concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

- 1 Someter de novo a votación plenaria os festivos locais, se é posible coa legalidade vixente.
- 2 Establecer como festivo local o Martes de entroido , día 13 de febreiro 2018, en lugar do 30 de abril de 2018.
- 3 Transmitir o novo acordo a Xunta de Galicia.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A urxencia ven motivada porque hai un malestar dos veciños polo cambio de datas nos festivos locais, se podería remediar o erro con esta moción.

Sometida a votación a urxencia fica aprobada por unanimidade.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O día 28 de setembro no pleno se suprimiu como festivo local o martes de entroido, foi un erro. É unha festividade cultural que o concello ten a obriga de fomentar. O acordo anterior comunicouse á xunta, pero a xunta non o publicou no DOGA , se pode correxir.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Lle pregunto ao secretario por esta cuestión.

Secretario.- O prazo máximo que fixaba a xunta para a remisión do acordo era o 15 de outubro, está vencido.

D Manuel Vázquez López (CXG).- As datas dos festivos se fixaron pensando na maioría dos veciños. A miña decisión tomouse con rigor, pensando na maioría da sociedade. Se pode implementar o sábado de carnaval dende a concellería de Cultura.

D Brais Fidalgo Martínez (R B C).- Vou resumir a xuntanza de onte para que quede constancia. Hai un colectivo que demanda que se manteña o martes de entroido e demanda aos portavoces este cambio. A visión deste portavoz é que se manteña o martes de entroido. Nos estamos a favor do martes de entroido ¿ elementos para manter ese cambio? A Feira do Viño funciona ben, non se dixo porque hai que cambiar o martes de entroido. É lexítimo que o pleno poida reconsiderar o acordo. O que se remitiu a Xunta foi unha comunicación interna, no DOGA aínda non se publicou. A xunta pode atender ou non o requerimento. Se a xunta non a ten en consideración non pasa nada. Os establecementos asociados de O Ribeiro a maioría queren o mantemento do Martes de entroido. O concello dá un paso atrás non eliminando o martes de entroido como festivo.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Na proposta de festivos do pleno de setembro ,nos xa manifestamos que nos absteníamos porque a proposta non era consensuada. Para consensuar unha moción hai que falar antes. Agora pasa o mesmo a proposta ven sen consensuar, polo cal nos abstemos

polo mesmo motivo que na proposta de setembro porque non se consensúan.

Alcalde.- Recoñezo a habilidade do portavoz do PP para saír dunha situación curioso. Estou de acordo na segunda parte da intervención , non na primeira. Se intentou chegar a acordo na proposta de setembro, se deu a opción de presentar alternativas, non era unha proposta pechada. A proposta do goberno ven dunha reclamación anterior.

O señor Fidalgo dixo que o día 30 lle parecía acaído, non deu alternativa ao martes de entroido. Non imos a entrar nese debate. Non se pode cambiar o acordo do pleno porque un colectivo, lexítimamente o queira cambiar.Sería unha boa medida intentar potenciar os outros días do entroido, mesmo coa Festa da Sardina. Ribadavia non pode ser a mellor en todas as festas, queremos potenciar as cuestións que están indo ben.

A comunidade educativa falou connigo, non eu con eles; para os pais é dificultoso dous días festivos seguidos. O día 8 tamén é obxecto de polémica , o digo como reflexión. Eu teño que ser responsable co acordo que se tomou fai un mes; sí se sabía, algunha asociación veu pedir axuda económica á concelleira.Vostede non votou en contra, e lle tenta botar a culpa a quen adoptou un acordo lexítimo. ¿ Cómo imos a tomar un acordo sen saber si se axusta á legalidade, como dixo o secretario?

Os funcionarios da Xunta que tramitan este tema dinme alcalde hai que ser serios.

Hai un colectivo moi grande que pide o traslado do festivo ao día 29 , o día de San Pedro. Si se tivera máis tempo por diante se podería facer un análise máis correcto.Si se realizase ese cambio e día 30 de abril non funciona a Feira do Viño moita xente ía protestar.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Dúas cousas claras. Recoñece que non ten capacidade de análise para facer unha proposta, e no pleno anterior trouxo proposta. Hai funcionarios que dicen que non é serio, implícitamente admiten que o cambio é posible.Nos entendemos que é factible e estamos lexitimados para facelo.

D Xacobe García Soto (BNG).- Non consideramos que sexa algo que o goberno fai adrede, fai un mes víamos acaído o 30 de abril.Os nosos veciños manifestaron diversa argumentación , e nos decatamos que a decisión tomada no pleno anterior foi un erro. Este grupo non analizou o efecto na noite do luns e no mércores.Eu acepto os erros.Este grupo non ten argumentos para decirlle a esa xente que non.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Houbo posibilidade de traer unha moción consensuada, a responsabilidade é dos proponentes. Se quixeramos facer oportunismo poderíamos votar a favor , e que decidise o voto de calidade do alcalde. Houbo posibilidade dunha moción consensuada e a traen só dous grupos, pido seriedade.

Alcalde.- Hai un colectivo de xente que quere como festivo o 29 de abril.Eu non podo facer unha proposta diferente a que fixen, sempre hai colectivos que non están de acordo. Aos asalariados lles gustan os festivos que temos. Non temos toda a capacidade legal para tomar esta decisión. O martes de entroido neste pobo non funciona.

D Xacobe García Soto (BNG).- A cidadanía ten capacidade de convencer nos coa súa argumentación e temos que tomar unha decisión.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Onte houbo unha xuntanza dun colectivo con todos os portavoces. Houbo un acordo de respaldar a proposta. O voceiro do PP se excusa no procedemento, non vale de xustificación. Hai unha cousa que se chama participación cidadán, hai un regulamento . Espero que no 2019 se consulte á cidadanía.

Alcalde.- Os gobernos, ás veces, ten que tomar decisións que non lle gusta a unha parte da cidadanía. Eu penso que o día 30 vai funcionar ben. O día 7 se tentará traer algunha cousa e facer un concerto.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado, voto a prol RBC, BNG, votos en contra PSOE (5), CXG; abstención PP (4), fica rexeitada a proposta.

MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

D Manuel Vázquez López (CXG).- Reiterar os rogos dos plenos anteriores, os paneis, as fontes sen funcionar, e a prohibición de aparcarse no entorno de Santo Domingo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Reiterar os rogos de plenos anteriores.
Que se modifiquen os días de feira, que as autocaravanas non queden bloqueadas.
Que no proxecto de os Xardinillos se cumpra o solicitado no Plan Provincial.
Que salgan a concurso os postos vacantes da Praza de Abastos como xa se acordou en pleno.
Que no parque empresarial se retomen os contactos con Xestur, e se liberen as parcelas compradas para especular.
Nas beirarrúas de Muñoz Calero parte do arranxo era para aparcamento e non cabe un coche mediano.
Nas obras do Castelo que se cumpra a lei de contratos, que un técnico municipal valide as subcontratacións, só se trasladou un documento firmado pola empresa adxudicataria.
Pido as contas das Festas do Portal.
Que se cumpran as mocións sobre os horarios, que o alcalde e a concelleira con adicación cumpran o horario de atención ao público.

Alcalde.- Non é certo que as autocaravanas estén pechadas, accede un camión grande. Se está comprobando se os feriantes caben na Alameda. Nas obras do Castelo cando se lle pasou a información se lle pasaron os contratos mercantiles. A obra foi certificada pola técnica municipal, o esixía a propia orde de subvención da Xunta. Hai que ter coidado co que se dice, se pode dar a entender o que non é.

D Xacobe García Soto (BNG).- Lembrar o rogo de limpeza do rego pola empresa que xestiona a estación de autobús, e pedir a limpeza de beirarrúas do barrio da Estación.
Que se busque unha solución ao tema dos taxis na estación de bus e de tren.
A acera da estación cara a Sampaio é intransitable.
O tellado do matadoiro vello segue con problemas.
Preguntar polo criterio que se segue para prestar os locais municipais.
Que se modifique a representación en Terras do Avia, ten que ser por acordo plenario.
D^a María López Touza, concelleira de Cultura.- Hai que poñerse en contacto cun representante do

gobierno.

Alcalde.- En Ribadavia só hai un local.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O 1 de novembro se adecentaron todos os cemiterios, no de Sampaio saltou algunha pedra ao desbrozar.

Pido o adecentamento do entorno da Igrexa de Esposende.

Camiño do río Miño en Sampaio, as saídas de auga verquen cara abaixo e producen roturas no firme.

En Sampaio as obras do parque, se repoña a fonte.

No coche do servizo eléctrico adquirido, que se rotule que é municipal.

Hai unha factura dunha empresa de servizos funerarios, unha persoa e unha familia sen capacidade económica para asumir o custe; dende o concello se dixo que se fixera que se asumía; logo o custe se pasou á familia, que o concello asuma a factura e que se cree unha ordenanza reguladora para estas situacións.

Alcalde.- Penso que non se repercutiu a familia, a ordenanza é unha boa idea.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- En Muñoz Calero, o edificio onde está o chino necesita dúas farolas.

Recordo a limpeza dos solares.

Na casa enfrente da alameda hai que cortar os arbustos.

Hai unha casa en San Cristobo que sae a maleza para fora.

As casas pechadas con canalóns en mal estado habería que mandar unha carta.

Concluído o anterior, ás once horas e oito minutos , non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,